

MEMORIA XUSTIFICATIVA DA CONTRATACION DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE CHANTADA

1. Introducción

A presente Memoria redáctase para dar cumprimento ao indicado nos artigos 28, 63.3.a) e 116 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en diante LCSP), así como no artigo 33 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, e será obxecto de publicación no perfil do contratante do Concello de Chantada ubicado na Plataforma de contratos do Estado (<https://contrataciondelestado.es>).

2. Marco normativo e competencial

O Concello de Chantada ostenta competencias en materia de servizos sociais no seu termo municipal, de conformidade coa seguinte normativa:

A) O artigo 25 da Lei 7/1985, reguladora das Bases do Réxime Local establece:

«Artigo 25.

1. O Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo.

2. O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:

(...)

e) Avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social».

A literalidade de este artigo veu dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que regulaba o marco de competencias propios dos concellos e atendía ao reparto competencial baixo o lema "unha administración, unha competencia". Así, no ámbito dos servizos sociais limitábase a competencia de titularidade propia á indicada de avaliación e información de situacións de necesidade social e atención inmediata a persoas en situación ou en risco de exclusión social, modificando a redacción anterior que era mais extensa e falaba da «Prestación dos servizos sociais e de promoción e reinserción social».



En dita norma, a Lei 27/2013, introduciuse unha disposición transitoria 2ª, que indicaba:

«1. Con data 31 de decembro de 2015, nos termos previstos nas normas reguladoras do sistema de financiamento autonómico e das Facendas Locais, as Comunidades Autónomas asumirán a titularidade das competencias que se prevían como propias do Municipio, relativas á prestación dos servizos sociais e de promoción e reinserción social.

As Comunidades Autónomas asumirán a titularidade destas competencias, con independencia de que o seu exercicio se viñese realizando por Municipios, Deputacións Provinciais ou entidades equivalentes, ou calquera outra Entidade Local.

2. No prazo máximo sinalado no apartado anterior, e previa elaboración dun plan para a avaliación, reestruturación e implantación dos servizos, as Comunidades Autónomas, no ámbito das súas competencias, haberán de asumir a cobertura inmediata da devandita prestación.

3. En todo caso, a xestión polas Comunidades Autónomas dos servizos anteriormente citados non poderá supor un maior gasto para o conxunto das Administracións Públicas.

4. O disposto nos apartados anteriores enténdese sen prexuízo da posibilidade das Comunidades Autónomas de delegar as ditas competencias nos Municipios, Deputacións Provinciais ou entidades equivalentes, de conformidade co artigo 27 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

5. Se na data citada no apartado 1 desta Disposición, nos termos previstos nas normas reguladoras do sistema de financiamento das Comunidades Autónomas e das Facendas Locais, as Comunidades Autónomas non asumiron o desenvolvemento dos servizos da súa competencia prestados polos Municipios, Deputacións Provinciais ou entidades equivalentes, Entidades Locais, ou no seu caso, non acordaron a súa delegación, os servizos seguirán prestándose polo Municipio con cargo á Comunidade Autónoma. Se a Comunidade Autónoma non transferise as contías precisas para iso aplicaranse retencións nas transferencias que lles correspondan por aplicación do seu sistema de financiamento, tendo en conta o que dispoña a súa normativa reguladora».

B) A Lei 13/2008, de Servizos Sociais de Galicia, indica no seu artigo 8:

«Artigo 8. Estrutura básica dos servizos sociais

1. O sistema galego de servizos sociais estrutúrase en forma de rede, conforme a dous niveis de actuación:

a) Servizos sociais comunitarios, que comprenden, á súa vez, dúas modalidades: servizos sociais comunitarios básicos e servizos sociais comunitarios específicos.

b) Servizos sociais especializados.

2. Cada nivel de actuación contará cos equipamentos e as persoas profesionais e equipos técnicos interdisciplinares que se determinen regulamentariamente.

Artigo 9. Dos servizos sociais comunitarios

1. Os servizos sociais comunitarios, de carácter predominantemente local, están referenciados a un territorio e poboación determinados e constitúen o acceso normalizado e o primeiro nivel de intervención do sistema galego de servizos sociais.

Artigo 60. Competencias dos concellos

1. De conformidade co previsto na presente lei e na lexislación de aplicación sobre réxime local, corresponden aos concellos, no marco da planificación e ordenación xeral do sistema galego de servizos sociais, as seguintes competencias:



- a) A creación, xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios básicos.
- b) A creación, xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios específicos, sen prexuízo do establecido no artigo 59,i).
- c) A colaboración no fomento dos servizos sociais prestados por entidades de iniciativa social, así como a promoción de mecanismos de coordinación das actuacións realizadas polas mesmas, evitando no posible a duplicidade e infrautilización dos equipamentos sociais.
- d) A promoción e realización de estudos e investigacións sobre a problemática dos servizos sociais no ámbito local e a divulgación dos resultados obtidos nos mesmos.
- e) A detección e análise das necesidades e da problemática social existente no seu ámbito territorial.
- f) A elaboración de plans e programas de servizos sociais no seu ámbito territorial, de conformidade co previsto no artigo 48 da presente lei.
- g) A participación, como entidade colaboradora, na xestión das prestacións económicas e, no seu caso, nas subvencións concedidas pola Xunta de Galicia, nos termos legalmente establecidos.
- h) O fomento e promoción da solidariedade e da participación da sociedade civil na prevención e intervención social no ámbito local.
- i) A creación, regulación e impulso de mecanismos de participación local no ámbito dos servizos sociais.
- j) A coordinación dos servizos sociais cos restantes servizos municipais e das restantes administracións no desenvolvemento dos plans e programas de intervención comunitaria, facilitando a participación das entidades sociais e a implicación da cidadanía no proceso.
- k) Cantas outras lles estean atribuídas ou lles sexan delegadas, de acordo coa lexislación vixente.

2. Estas competencias exerceranse polos concellos, por si mesmos ou asociados, ou a través das fórmulas de colaboración interadministrativa, a fin de acadar unha maior eficacia e rendibilidade social dos recursos dispoñibles.

Artigo 61. Dos servizos sociais mínimos garantidos polos concellos

1. Cara a garantir unha oferta pública de servizos sociais a todas as persoas, con independencia da súa residencia, todos os concellos de Galicia asegurarán, como mínimo, a prestación de servizos sociais comunitarios básicos de titularidade municipal.

2. Se a prestación destes servizos mínimos resultase imposible ou de moi difícil cumprimento, poderase solicitar a súa dispensa, seguindo o procedemento establecido na Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.»

C) Por último, recentemente a Lei 9/2017, de medidas fiscais e administrativas, modificou o artigo 64 bis da Lei de servizos sociais, co seguinte teor:

«3. Conforme ao establecido na lexislación de réxime local e na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, as competencias que corresponden aos concellos en materia de creación, xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios en virtude do disposto no artigo 60 desta lei, teñen o carácter de competencias propias atribuídas pola lexislación autonómica, polo que para o exercicio de tales competencias polos concellos non serán exixibles os informes que prevé o artigo 3 da Lei 5/2014, de 27 de maio, para o caso de exercicio de competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación.»



En suma, logo da idea inicial da Lei 27/2013 que limitaba as competencias municipais en materia de servizos sociais para que foran asumidas polas CCAA, apenas houbo mudanzas reais, sexa pola falta das necesarias normas de financiamento autonómico e local sexa pola retroacción legal efectuada pola normativa galega, e dese xeito o servizo de axuda no fogar sigue sendo prestado dende entón polos Concellos, e en Galicia, xa en calidade de competencia propia.

A citada Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia (LSSG) tamén define o Servizo de Axuda a Domicilio como un servizo de carácter esencial (artigo 20.2) que implica un dereito exixible que debe estar garantido para aquelas persoas que cumpran as condicións establecidas de acordo coa valoración técnica da súa situación (artigo 18.2).

En desenvolvemento desta norma, o Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento dispón, que aos servizos sociais comunitarios básicos correspóndelles a xestión do servizo de axuda a domicilio, así como a participación na xestión das prestacións destinadas a garantir a autonomía persoal e a atención á dependencia, nos termos establecidos na normativa que resulte aplicable.

3. Descrición da situación actual

O servizo de axuda no fogar constitúe un recurso preventivo e asistencial de primeira orde ao posibilitar a permanencia das persoas maiores na súa contorna de convivencia habitual, prever situacións de dependencia ou exclusión social e atrasar ou evitar a institucionalización.

Este servizo presenta, polo tanto, unha natureza asistencial e preventiva que pretende axudar á persoa a permanecer no seu domicilio, ofrecéndolle unha axuda de atención persoal e/ou doméstica que posibilita o seu desenvolvemento no propio domicilio e a súa integración na contorna comunitaria evitando así situacións de illamento ou exclusión.

Ademais da normativa sectorial aplicable, que se cita no Prego de Prescricións Técnicas de forma detallada, o concello de Chantada aprobou a normativa propia de autoorganización e réxime xurídico do servizo, onde se declara esa actividade como propia da entidade municipal, se determina o alcance das prestacións aos administrados e se regulan os aspectos económicos, xurídicos, económicos e administrativos do servizo. A normativa municipal é a seguinte:



- O Regulamento Municipal do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Chantada (aprobación definitiva publicada no BOP de Lugo n 203, de 4 de setembro de 2014).
- A Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Chantada (aprobación definitiva publicada no BOP de Lugo n 210, de 12 de setembro de 2014).

Afirmada a prestación do servizo de axuda no fogar como propia da entidade local, a necesidade do contrato e a idoneidade do seu obxecto atópanse plenamente xustificadas, cumpríndose os requisitos que establece o apartado a) do artigo 312 da LCSP respecto dos contratos que conlevan prestacións directas á cidadanía.

Conforme o Informe técnico emitido polo Traballador Social dos Servizos sociais municipais en data 4 de novembro de 2019, a situación do servizo municipal de axuda no fogar é a que se expón de seguido:

SAF DEPENDENCIA				
Horas asignadas mensualmente pola Xunta de Galicia	Horas efectivamente prestadas (setembro 2019)	Horas días laborables (setembro 2019)	Horas festivos e fins de semana (setembro 2019)	Nº de persoas usuarias
3.985	3.205	3.108	97	86
SAF PRESTACIÓN BÁSICA				
0	199	199	0	17

No momento actual, a lista de agarda de persoas en situación de dependencia no concello de Chantada (programa de asignación de recursos SIGAD), segundo o informe técnico elaborado desde os servizos sociais municipais, resultan ascende a 66 persoas (36 en Grado I, 20 en Grado II e 10 en Grado III).

Pola súa banda, no SAF de prestación básica as solicitudes existentes están pendentes de valoración debido a que non se poden dar máis altas nesta modalidade en tanto non se cubran todas as horas da modalidade do SAF de dependencia.

Na actualidade o servizo está a ser prestado a través de persoal propio municipal. O referido informe técnico indica o seguinte:



O Concello de Chantada conta este ano cun total de 28 postos de auxiliares de axuda no fogar a xornada completa para a prestación do servizo. Indicar que na actualidade xa non temos a ninguén dispoñible na bolsa de traballo para a cobertura de baixas, permisos, vacacións, etc, das traballadoras, o que reflicte unha falta de persoal cualificado que implica dificultades para prestar axeitadamente o servizo de axuda no fogar. Neste sentido, o Concello de Chantada implementou as medidas oportunas para manter este programa básico contratando os servizos dunha empresa externa para cubrir as ditas incidencias, xa que como Administración Pública non pode acudir ao Sepe para realizar contratacións de persoal directas.

Dese xeito, as diversas situacións de persoal, unido ás limitacións impostas ás administracións locais para a contratación de persoal adicional nas Leis de orzamentos xerais para o Estado, mesmo a propia substitución temporal do persoal propio do concello, ocasionaron que o concello xa acudise en determinados momentos puntuais á contratación externa para a prestación de determinados servizos, e poder atender a demanda de todas as solicitudes de axuda no fogar.

O artigo 29 relativo ás formas de prestación dos servizos sociais da LSSG, na súa redacción dada pola Lei 8/2016, de 8 de xullo, dispón que os servizos sociais serán prestados polas administracións públicas galegas a través das seguintes fórmulas: xestión directa, xestión indirecta no marco da normativa reguladora dos contratos do sector público, mediante o réxime de concerto social previsto na devandita norma ou mediante convenios con entidades sen ánimo de lucro.

Neste caso, estamos ante un contrato administrativo de servizos, de conformidade co establecido no artigo 17 da Lei de Contratos do Sector Público (LCSP), que establece “Son contratos de servizos aqueles cuxo obxecto son prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministro, incluíndo aqueles en que o adxudicatario se obriga a executar o servizo de forma sucesiva e por prezo unitario”.

Esta modalidade contractual implica a realización de traballos auxiliares sen asumir o risco (a diferenza do contrato de concesión de servizos do artigo 15 LCSP), segundo resulta do contido dos Pregos de Prescricións Técnicas onde o concello de Chantada se reserva facultades importantes na dirección e control do servizo. Iso non implica a modificación da forma de xestión directa á indirecta, senón que se contratan determinadas labores e funcións auxiliares baixo a supervisión e intervención en fases de selección e admisión de persoas usuarias polo concello (neste sentido vid. Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 21 de xuño de 2018).



Por outra banda, a necesidade de introducir melloras no servizo, dun carácter especializado, tanto de carácter técnico como terapéutico e social, tamén xustifican que se proceda a unha contratación de servizos con empresas especializadas que poden ofertar os equipamentos, instrumentos, tecnoloxía e servizos complementarios, que o concello por si mesmo é incapaz de fornecer ás persoas usuarias, pois non conta coa especialización técnica que se precisa, ademais de que sería ineficiente do punto de vista económico dotarse de material, equipos especializados para usos limitados ou temporais, sendo máis óptimo desde a perspectiva económica contratar os servizos e pagar polo uso efectivo que se fai desa tecnoloxía, equipos e materiais especializados para o coidado e atención de persoas usuarias do servizo de axuda no fogar en maior grado de dependencia.

4. Obxecto do contrato

O obxecto do contrato consiste na prestación do servizo de axuda no fogar para o concello de Chantada, segundo as características e criterios que se definen no Prego Técnico.

O servizo de axuda no fogar é un servizo municipal entendido tecnicamente como un servizo integral, polivalente e comunitario, orientado a unidades familiares que presentan dificultades para a realización de actividades elementais da vida diaria, proporcionándolles atención, mediante intervencións específicas que favorezan a súa permanencia e integración no seu entorno habitual, e compensen a súa restrición de autonomía funcional.

5. Obxectivos a atinxir coa contratación de servizos

De conformidade co informe técnico xa referido en relación coa prestación do servizo de axuda no fogar, acreditada tamén segundo se desprende do propio informe a insuficiencia de medios, por parte do concello considérase preciso a contratación externa do servizo de axuda no fogar na modalidade de dependencia e libre concorrência, tanto do actual de prestación directa do concello como da que se prevé incrementar, xustificada por:

- A flexibilidade horaria na atención ás persoas usuarias garantindo a cobertura das necesidades de atención de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria todos os días da semana, incluídos festivos.
- A dispoñibilidade de persoal para substituír de inmediato a calquera auxiliar que por distintas causas teña que faltar a un servizo, sen que o usuario deixe de recibilo en ningún momento.



- A redución dos tempos de inicio do servizo, así como modificacións en canto a horarios, intensidade, tarefas.
- A realización de actividades de formación continua destinadas ás Auxiliares de Axuda no Fogar.
- A posibilidade de prestación de servizos complementarios así como oferta de axudas técnicas ofertadas pola empresa adxudicataria de cara a mellorar a autonomía e calidade de vida das persoas usuarias.

En todo o caso, como se indica no informe técnico, a coordinación do servizo realizarase a través do persoal traballador social e persoal administrativo de apoio, que dirixirán a aplicación do programa e efectuarán a supervisión e controis sobre as prestacións contratadas, e ademais polos servizos de intervención municipal no que atinxe ao control económico da facturación.

Así pois, os obxectivos que se pretenden atinxir coa licitación do presente contrato serían:

- Asegurar a cobertura integral do servizo a todas as persoas do concello de Chantada que precisen da axuda, ao ser unha garantía para que desenvolvan a súa vida en condicións dignas.
- Prestar efectivamente a totalidade de horas asignadas pola administración autonómica, ademais de atender a todas as persoas que o precisan no concello e xa manifestaron a solicitude do servizo ante os servizos sociais municipais.
- Manter unha coordinación do programa, sen prexuízo da forma de prestación do servizo, para todas as persoas beneficiarias do mesmo.

6. Análise técnica

As condicións relacionadas coa prestación deste servizo de axuda no fogar son as desenvolvidas na diversa normativa estatal e autonómica relativa á configuración do Sistema de Autonomía e Atención á Dependencia creado pola Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención á dependencia.

Entre esta normativa compre destacar o Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito á prestación do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos



órganos técnicos competentes, así como a Orde de 2 de xaneiro de 2012 pola que se desenvolve o Decreto 15/2010, a Orde do 19 de abril de 2013 pola que se modifica a anterior, e o Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo.

Para garantir o cumprimento preciso das prestacións que se solicitan e a homoxeneidade das persoas e empresas licitadoras, todas elas deberán figurar inscritas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais, para o concreto programa de axuda a domicilio.

7. Análise económica

De conformidade co indicado no artigo 100 da LCSP:

«Artigo 100. Orzamento base de licitación.

1. Aos efectos desta Lei, por orzamento base de licitación entenderase o límite máximo de gasto que en virtude do contrato pode comprometer o órgano de contratación, incluído o Imposto sobre o Valor Engadido, agás disposición en contrario.

2. No momento de elaboralo, os órganos de contratación coidarán de que o orzamento base de licitación sexa adecuado aos prezos do mercado. Para ese efecto, o orzamento base de licitación desagregarase indicando no prego de cláusulas administrativas particulares ou documento regulador da licitación os custos directos e indirectos e outros eventuais gastos calculados para a súa determinación. Nos contratos en que o custo dos salarios das persoas empregadas para a súa execución formen parte do prezo total do contrato, o orzamento base de licitación indicará de forma desagregada e con desagregación de xénero e categoría profesional os custos salariais estimados a partir do convenio laboral de referencia.»

Aos efectos de determinar a adecuación co orzamento base de licitación cos prezos de mercados, incorpórase ao expediente de licitación un Estudo de costes, que incorpora como Anexo o Informe económico-financieiro do servizo de axuda a domicilio elaborado pola Intervención Municipal 2020-0009 de 20.01.2020.

Para os anos que englobaría o contrato, incluíndo as prórrogas (2020-2023), estimanse os custos globais aplicando as actualizacións do convenio colectivo aplicable (Convenio Colectivo Laboral do sector da axuda a domicilio de Galicia) e dos gastos de explotación segundo previsións de variación de IPC:



CUSTO SERVIZO SAF CHANTADA HORA PROMEDIO DU

CUSTO SERVIZO SAF CHANTADA DURACION CONTRATO 2020-2021

A estimación do custe hora para fixar o prezo de licitación do contrato, engadindo os custos xerais e beneficio, é a seguinte:

	BÁSICO	GXERAIS + BENEFICIO	PREZO LICITACIÓ N
HORA ORDINARIA (LABORABLE)	16,57	0,83	17,40
HORA EXTRAORDINARIA (FESTIVA)	17,41	0,87	18,28

En función do número de horas estimadas que se precisan segundo os informes técnicos dos servizos sociais municipais do concello de Chantada,

PREZO CONTRATO S

O orzamento base de licitación por cada anualidade é o seguinte:

PREZO ANUAL	874.896,96
IVE (4%)	34.995,88
ORZAMENTO BASE ANUAL (CON IVE)	909.892,84



Aos efectos de calcular o valor estimado para todo contrato, tense en conta a duración inicial prevista (2 anos), as prórrogas máximas ordinarias (2 anos), e as opcións eventuais previstas consistentes na modificación do 20 % de horas máximas previstas no PCAP ao longo de toda a duración máxima do contrato:

ORZAMENTO ANUAL SEN IVE	874.896,96
ORZAMENTO DURACIÓN INICIAL (2 ANOS) SEN IVE	1.749.793,9
	2
PRÓRROGAS (2 ANOS MÁXIMO) SEN IVE	1.749.793,9
	2
MODIFICACIÓNS SEN IVE (20 %)	699.917,57
VALOR ESTIMADO CONTRATO	4.199.505,4
	1

8. Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira

A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e sustentabilidade Financeira enumera tres obxectivos, que son:

- Garantir a sustentabilidade financeira de todas as Administracións Públicas.
- Fortalecer a confianza na estabilidade da economía española.
- Reforzar o compromiso de España coa Unión Europea en materia de estabilidade orzamentaria.

Nesta lei establécense os procedementos necesarios para a aplicación efectiva dos principios de estabilidade orzamentaria e de sustentabilidade financeira; así como o establecemento dos límites de déficit e débeda, os supostos excepcionais nos que poden superarse e os mecanismos de corrección das desviacións; e os instrumentos para facer efectiva a responsabilidade de cada Administración Pública en caso de incumprimento, en desenvolvemento do artigo 135 da Constitución de 1978 e no marco da normativa europea.

Así, o artigo 3 recolle o principio de estabilidade orzamentaria:

1. A elaboración, aprobación e execución dos Orzamentos e demais actuacións que afecten aos gastos ou ingresos dos distintos suxeitos comprendidos no ámbito de aplicación desta Lei realizarase nun marco de estabilidade orzamentaria, coherente coa normativa europea.
2. Entenderase por estabilidade orzamentaria das Administracións Públicas a situación de equilibrio ou superávit estrutural.



3. En relación cos suxeitos aos que se refire o artigo 2.2 desta Lei entenderase por estabilidade orzamentaria a posición de equilibrio financeiro.

En relación co artigo 4.2, que define como “sustentabilidade financeira a capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade de débeda comercial conforme ao establecido nesta Lei, a normativa sobre morosidade e na normativa europea”.

O servizo municipal de axuda no fogar atópase dentro dos parámetros impostos pola lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, constando no orzamento de ingresos as cantidades que corresponden ao financiamento exterior (tanto da administración autonómica como da deputación provincial), e por outra banda as relativas aos ingresos das persoas usuarias, por aplicación da Ordenanza fiscal correspondente.

Con base no exposto, considérase que queda garantida a sustentabilidade financeira do servizo, máxime cando se debe ter en conta que o número de horas a prestar na modalidade de dependencia vén determinado pola Xunta de Galicia que coa asignación de horas tamén efectúa asignación financeira. A maiores, como xa se adiantou, a licitación para atender a demanda de persoas usuarias (actuais, de nova asignación como ampliar a cobertura horaria das que xa o precisan na actualidade) a través dunha prestación de servizos externa non compromete gasto para un período superior á duración prevista do contrato coas prórrogas. Así, unha vez rematado este contrato coas súas prórrogas, se non se detecta a necesidade de atender unha demanda similar, pode o concello non volver a licitalo, ou licitarse polas horas que sexan precisas no seu momento, sendo máis adaptable esta modalidade á demanda detectada en cada momento.

9. Procedemento de licitación

O contrato obxecto deste procedemento terá carácter administrativo, tipificándose como un contrato de servizos, entendido como aquel no que o obxecto son prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou un subministro, a teor do artigo 17 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en diante LCSP), rexéndose en canto á súa preparación, adxudicación, efectos e extinción polo establecido neste Prego e na devandita LCSP.



A prestación obxecto deste contrato non conleva a asunción de risco e ventura do contratista, ao non comportar unha transferencia de risco operacional na explotación do contrato.

Ao tratarse dun contrato de servizos que conleva prestacións directas á cidadanía, tamén se contemplan nos Pregos as prescricións previstas no artigo 312 da LCSP relativas a esta especialidade de contratos en materia de obrigas e cumprimento do contrato.

A) Procedemento de licitación e adxudicación

O procedemento previsto é aberto (artigo 156 LCSP), suxeito a regulación harmonizada, admitindo a presentación de proposicións a todas as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en prohibicións de contratar das sinaladas no artigo 71 LCSP, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

Non obstante, e para asegurar o cumprimento preciso das prestacións que se solicitan e a homoxeneidade das persoas e empresas licitadoras, todas as persoas e empresas licitadoras han de figurar inscritas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais, para o concreto programa de axuda a domicilio, de acordo co previsto na normativa sectorial reguladora, en concreto nos artigos 10 e seguintes do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia.

Con base nas necesidades descritas e ao obxecto do contrato, o procedemento máis axeitado para levar a cabo a licitación é o procedemento aberto, con varios criterios de adxudicación aos efectos de seleccionar a persoa ou empresa licitadora que presente a mellor oferta baseada no principio da mellor relación calidade-prezo (artigo 131.2 LCSP).

Neste procedemento toda persoa, empresa ou empresario coa habilitación requirida interesado poderá presentar una proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores.

No que atinxe á solvencia a económica e financeira admítese a acreditación a través dos medios dispostos no artigo 87.1,a) da LCSP, especificamente:

- (i) Declaración sobre o volume global de negocios e, no seu caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondente ao obxecto do contrato, referido como máximo ao tres últimos exercicios dispoñibles. O ano de maior



volumen de negocio dos tres últimos concluídos deberá ser, polo menos, unha vez e media o valor anual medio do contrato (1.312.345,44 €). Para dito cálculo tívose en conta o valor do orzamento base anual (sen IVE).

Respecto da solvencia técnica, as persoas e empresas licitadoras poderán achegar:

- (i) unha relación dos principais servizos ou traballos realizados de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato no curso de, como máximo o tres últimos anos. O requisito mínimo necesario para considerar adecuada a solvencia técnica da empresa que acredite no ano de maior execución un importe igual ou superior ao 70% da anualidade media do contrato (612.427,87 €). Para dito cálculo tívose en conta o valor do orzamento base anual (sen IVE).
- (ii) A indicación do persoal técnico ou das unidades técnicas, integradas ou non na empresa, participantes no contrato, especialmente aqueles encargados da coordinación, organización e supervisión das prestacións contratadas.

Neste apartado da solvencia, non se prevé unha determinada clasificación por ser un contrato de servizos conforme ao artigo 77.1,b) da LCSP que exixe de clasificación este tipo de modalidade contractual, e ademais por non existir unha clasificación específica para este tipo de prestacións de servizos sociais no vixente Regulamento da LCAP, remitíndose a outros servizos máis xenéricos ou de ámbitos conexos pero non idénticos (servizos sanitarios) que, non obstante, non acreditan unha experiencia real e contrastada na prestación específica de servizos sociais. A maiores, a existencia como requisito de aptitude para participar na licitación da inscrición no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais, regulado no Decreto 254/2011, xa permite intuír a idoneidade da empresa neste ámbito de prestacións, complementándose cuns requisitos de solvencia económico-financieira e técnica que permite verificar unha dimensión e organización empresarial suficiente para executar as prestacións obxecto do contrato, en base a volume de negocio e realización de traballos previos de similares características.

En canto a ditos criterios de solvencia económica-financieira e técnica, este contrato precisa da xestión dun importante volume de persoal especializado nas prestacións de axuda no fogar, que leva asociado para o adxudicatario o abono de gastos salariais e de cotizacións sociais que se pagan contra factura con posterioridade polo concello, o que implica acreditar polas empresas unha xestión previa de servizos análogos, por si soas ou en unión con outras empresas, de maneira que sexa capaz de afrontar as obrigacións económicas que derivan da



prestación do contrato. Polo tanto, a acreditación dunha experiencia previa en prestacións similares e de acordo coa dimensión que precisa o concello para atender todas as horas anuais previstas, é adecuada ao fin que se pretende no obxecto deste contrato de servizos.

O procedemento de adxudicación prevé a valoración automática de ata o 70 por 100 dos puntos a considerar cunha combinación de criterios (prezo, servizos de préstamo de axudas técnicas, servizos adicionais, bolsa de horas adicionais sen custe para o concello, formación do persoal empregado), mentres que o 30 por 100 restante será en base a xuízos sobre a calidade na organización do servizo, dos recursos humanos, e nas medidas de avaliación, mellora e innovación da calidade, con base na presentación dunha Proxecto Técnico de execución dos traballos a fin de adxudicar o contrato de acordo coa mellor relación calidade-prezo (artigo 131.2 LCSP).


A selección de ditos criterios vén fundamentada nas prestacións obxecto do contrato que se requirirán da adxudicataria, e tamén no Proxecto de atención ás persoas usuarias do servizo que vén definido no Prego de Prescricións Técnicas elaborado polos servizos técnicos municipais da área de Servizos Sociais do concello. Así, ademais de criterios estritamente económicos como o prezo ou a oferta de horas adicionais sen custe para o concello, tanto os servizos de préstamo de axudas técnicas como de servizos adicionais están contemplados no Proxecto de intervención do SAF municipal de Chantada, dada a crecente demanda deste tipo de servizos polas persoas usuarias, sobre todo aquelas en situación de maior nivel de dependencia que apenas poden realizar vida fóra do seu domicilio e precisan dun apoio máis constante. Tamén a formación do persoal e cuidadores se estima necesaria para a innovación e mellora constante do servizo, adecuándose ás novidades técnicas existentes. Por último, co Proxecto Técnico ou Memoria preténdese realizar unha avaliación da calidade técnica dos servizos a prestar pola futura adxudicataria nos aspectos de organización, recursos humanos e avaliación e innovación, a fin de poder comprobar un enfoque axeitado e específico á realidade do servizo de axuda no fogar de Chantada.

No caso dos criterios automáticos, contéplase para todos os casos unha fórmula proporcional, que garante unha traslación das ofertas presentadas ao rango de puntos a valorar de forma equilibrada e equitativa entre todas as empresas e profesionais participantes, optando pola simplicidade dentro das distintas posibles.


Así, no caso das ofertas económicas a tendencia é progresiva asegurando a proporcionalidade pura entre a oferta e a puntuación outorgada (neste gráfico represéntase a puntuación para o



prezo (sobre a hora ordinaria, 18 puntos) e con ofertas nun rango de variación do 11 %):



No caso da oferta por horas adicionais, a fórmula ten a tendencia inversa, dado que se incentiva á licitadora que propoña máis horas adicionais para o concello (ata un 5 por 100 adicional), pero de igual xeito proporcional pura (neste gráfico represéntase a puntuación para o as horas adicionais (sobre 15 puntos) e con ofertas nun rango de variación do 25 %):



Nos restantes criterios automáticos, óptase por establecer rangos de puntuación en función de bloques de ofertas, para axustar ás necesidades reais do servizo de axuda no fogar no concello de Chantada. Dese xeito evítase que se presenten ofertas que excedan das necesidades reais do servizo en préstamo de axudas ou de servizos adicionais, que poderían supor prestacións sen contido pola súa escasa utilidade final. Tamén, no mesmo sentido, a formación adicional que se pode ofertar valorarase entre determinados rangos, cun número máximo de horas que cubriría as necesidades do servizo, e cunha indicación real ás empresas licitadoras das necesidades neste eido en función da dimensión do SAF de Chantada.

Aos efectos da valoración das ofertas anormalmente baixas, remítese no PCAP ao RGLCAP no que atinxe á valoración do prezo. Malia que o artigo 149.1.2,b) da LCSP tamén recolle a previsión nos Pregos de contratación á hora de considerar a anormalidade dunha oferta cando haxa unha pluralidade de criterios de adxudicación, neste caso non se estima preciso efectuar ese cálculo no que se refire aos restantes criterios de valoración automática, pois non se incorrerá en presunción de anormalidade dado que as distintas melloras que se poden ofertar teñen un límite de valoración establecido. Este límite opera precisamente como referencia máxima para considerar dentro de parámetros de normalidade as ofertas presentadas, co que aínda presentando unha oferta maior por calquera empresa licitadora, a puntuación acoutase para evitar ofertas desproporcionadas no que atinxe a ditas melloras. No caso do prezo, a

baixa non se limita e fíxase libremente para as empresas licitadoras polo que no seu caso a valoración da anormalidade efectuarase, como se adiantou, en base aos criterios do RGLCAP.

Ao ser un contrato de servizos incluído no Anexo IV da LCSP, tamén se ha de atender ao previsto no artigo 145.4 LCSP, que obriga a que os criterios de calidade representen cando menos o 51 por 100. Neste sentido, están vinculados á calidade do servizo os criterios que se avalían no Proxecto técnico (30 puntos), así como os relativos aos servizos de préstamos de axudas técnicas (16 puntos) e de servizos adicionais (15 puntos), e finalmente, a formación de profesionais (4 puntos), sumando un total de 65 puntos sobre 100.

No suposto de empates, o PCAP contempla varios dos criterios dos previstos no artigo 147.1 LCSP, mais cunha orde establecida especificamente para este procedemento que se axusta máis á realidade laboral do sector de axuda a domicilio, primando aqueles criterios vinculados á promoción da igualdade laboral e a menor temporalidade nos contratos. En todo caso, está clara a relación co obxecto do contrato, dado que as prestacións son realizadas na súa maior parte por traballadores/as e os criterios están vinculados á mellora de condicións laborais que repercutirían no funcionamento do servizo.

B) Non división en Lotes

O artigo 99.3 da LCSP indica que sempre que a natureza ou obxecto do contrato o permitan, debe preverse a realización independente de cada unha das súas partes mediante a división en lotes. Non obstante, tal e como figura no informe incorporado ao expediente, non se considera oportuna a súa licitación en lotes:

- (i) o obxecto do contrato está relacionado por unha banda co carácter integral das prestacións que constitúen o servizo e, por outra, coas propias características do servizo;
- (ii) suporía mermar a calidade, eficacia e homoxeneidade do servizo a prestar debido á segregación de equipos de traballo;
- (iii) tamén se valora para non efectuar a división en lotes a dificultade da correcta execución do contrato desde o punto de vista técnico, así como o risco para a correcta execución do contrato procedente da natureza do obxecto do mesmo, ao implicar a necesidade de coordinar a execución dos servizos obxecto do contrato.

O servizo de axuda a domicilio comprende prestacións diferentes: atención doméstica, atención persoal, acompañamento, axudas técnicas, etc.; que, desde un punto de vista técnico, constitúen unha única unidade funcional e teñen que realizarse desde unha



perspectiva integral; a realización independente destas actuacións dificultaría enormemente a coordinación das diferentes actuacións ao depender dunha pluralidade de contratistas e isto impediría a correcta execución das mesmas. Tamén dificultaría a supervisión da execución do contrato, o que iría en detrimento de a calidade do servizo. En consecuencia, carece de sentido a división do contrato en lotes en base a diferentes prestacións do servizo.

Doutra banda, o servizo de axuda no fogar caracterízase polas dificultades de xestión inherentes á necesidade de responder con axilidade e celeridade a servizos fraccionados en canto a distribución xeográfica e horaria e con constantes modificacións de altas, baixas e outras incidencias. Unha división por lotes implicaría un maior labor de coordinación por parte do persoal técnico do Concello -que na actualidade non é posible asumir cos efectivos de persoal existentes-, e demoraría a asignación de persoas usuarias aos diferentes contratos e restaría flexibilidade en caso de producirse cambios no persoal de atención domiciliaria.

Finalmente, tampouco procede unha división territorial por lotes en tanto que, actualmente o servizo de axuda a domicilio do concello préstase de maneira integral en todo o municipio. A división por lotes tomando como base este criterio distorsionaría a prestación do servizo e introduciría desequilibrios na atención proporcionada nas distintas localidades.


C) Insuficiencia de medios

Para os efectos previstos no artigo 28.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público -LCSP 2017-, xustifícase a necesidade de acudir ao contrato administrativo de servizos en base á insuficiencia de medios persoais e materiais, xa que o concello de Chantada non dispón de persoal propio suficiente co que realizar a totalidade das horas asignadas pola Comunidade Autónoma e estaría en dificultades para a ampliación das que puideran incrementarse.

D) Duración

A duración inicial do contrato e o lugar de execución do contrato será de 2 ANOS e o lugar de execución é todo o termo municipal do concello de Chantada.

O contrato contempla a posibilidade de 2 prórrogas de 1 ano cada unha, ata unha duración máxima de 4 anos, de acordo co artigo 29.4 da LCSP). As prórrogas son obrigatorias para o contratista.



Neste caso, a opción escollida de non esgotar a duración máxima prevista na LCSP está xustificada polas características do servizo que supoñen necesidade de someter periodicamente a concorrència da súa realización por ser un servizo de carácter sociosanitario dirixido ás persoas, suxeito a moitas variacións en canto ao número de usuarios e intensidade do servizo, ademais da falta de información sobre a planificación de horas asignadas ao servizo con antelación dende a Administración Autonómica.

Cando ao vencemento do contrato non se formalizara o novo contrato que garanta a continuidade da prestación a realizar polo contratista como consecuencia de incidencias resultantes de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación producidas polo procedemento de adxudicación, e ao existir razóns de interese público para non interromper a prestación prorrogárase o contrato orixinario ata que comece a execución do novo contrato e en todo caso, por un período máximo de nove meses, sen modificar as restantes condicións do contrato, sempre que o anuncio de licitación do novo contrato sexa publicado cunha antelación mínima de tres meses respecto da data de finalización do contrato orixinario.

E) Modificacións contractuais

Conforme o artigo 204 LCSP prevese a modificación ata o máximo do 20 por 100, nos seguintes supostos:

a) Cando desde a Consellería de Política Social se incremente o número de horas do servizo de axuda no fogar (SAD) asignadas ao concello na modalidade de SAD dependencia (SAAD) e por conseguinte incremente o número de persoas destinatarias por causa de serlles recoñecida de maneira motivada a condición de persoa beneficiaria do servizo por ser declaradas en situación de dependencia e contar cunha resolución do plan individual de atención que inclúa o SAD municipal, así como o incremento da intensidade da prestación do servizo.

b) Cando desde a Concellaría de Servizos Sociais se incremente o número de horas de SAD na modalidade básica ou de libre concorrència e por conseguinte incremente o número de persoas destinatarias por causa de serlles recoñecida de maneira motivada a condición de persoa beneficiaria do servizo por cumprir as condicións establecidas na normativa municipal reguladora do servizo, de acordo coa valoración técnica da súa situación, así como o incremento da intensidade da prestación do servizo.



Esta modificación prevista no PCAP é necesaria porque as estimacións do número de horas de atención a persoas usuarias que teñen un dereito de atención recoñecido dentro do SAAD (SAD dependencia) a prestar pola entidade adxudicataria, sofren modificacións ao longo do ano en función das necesidades que expón o Sistema Galego de Atención á Dependencia. A estes efectos ha de lembrarse que o Decreto 99/2012, de 16 de marzo polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, obriga a todos os concellos de Galicia a ter establecido o servizo social comunitario básico de axuda a domicilio, establecendo no seu artigo 17 que o acceso ao servizo será prioritario e directo para persoas ás que, tendo recoñecida a situación de dependencia, asígnelles a axuda a domicilio na correspondente resolución do programa individual de atención.

Esta norma obriga aos concellos titulares do servizo a proceder “a dar de alta ás persoas en espera de acordo coa orde de prelación establecido no programa de asignación de recursos” e as previsións de altas do SADD non son comunicadas con antelación pola Consellería de Política Social aos servizos sociais municipais. Isto significa que o número de horas de servizo que o concello terá obrigatoriamente que prestar por mandato deste Decreto 99/2012 é fixado pola Consellería de Política Social que financia o servizo coas achegas que prevé o propio Decreto. Así, ao longo dos últimos anos, este número de horas variou substancialmente, o que obriga a que o contrato teña previsto unha ampla marxe de modificación para atender esta obrigación de prestación do servizo.

Por outra banda, o crecente envellecemento da poboación neste Concello supón que a demanda do servizo de axuda a domicilio básico, o que se presta polo Concello en réxime de libre concorrència a persoas que non teñen un dereito de atención recoñecido dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia (SAD básico), é tamén crecente debendo estar preparado este concello para dar resposta adecuada a tal demanda.

F) Condicións especiais de execución

O artigo 202 LCSP establece que se poderán establecer condicións especiais de execución de carácter social, ético medioambiental ou de outra orde, sempre que estean vinculadas ao obxecto do contrato, e cando menos deberá establecerse unha das condicións enumeradas no apartado 2 de dito artigo (económicas, innovación, medioambiental ou social).

No presente contrato, acorde con esa disposición normativa, inclúense condicións especiais de execución de tipo social e/ou ético, así como económicas.



As de carácter social e/ou ético están relacionadas co obxecto do contrato, pois teñen a ver coas garantías laborais das persoas que desempeñarán as funcións específicas do servizo de axuda no fogar, como son:

- o compromiso de subrogación do persoal
- a adecuación á normativa laboral e do convenio sectorial de aplicación dos contratos co persoal traballador do servizo;
- dar a formación en materia de prevención de riscos conforme a normativa sobre prevención de riscos laborais e seguridade e hixiene no traballo;
- e finalmente, a incorporación da perspectiva de xénero e evitar elementos de discriminación sexista, ao ser consistir as prestacións nunha execución de funcións dun servizo básico local.

No eido económico, establécese a garantía de pagamento a subcontratistas e provedores nos prazos establecidos na normativa de morosidade nas operacións comerciais, estando xustificado porque o financiamento final de ditos pagamentos entre o prestador principal e os contratistas ten procedencia pública, e ha de garantirse que os fondos públicos contribúen a evitar a morosidade comercial, evitando que no marco deste contrato a empresa principal acumule fondos (que serían de orixe pública) no seu beneficio propio en detrimento doutras empresas que tamén contribúen (a través de subcontratas ou provisión puntual de servizos ou subministros) á realización das prestacións obxecto do contrato.

Ademais das condicións especiais de execución relatadas, tamén se recolle, por unha banda, o compromiso de adscrición dos medios materiais que expoña na súa oferta e que son obxecto de valoración á hora de adxudicación de forma que se asegura unha vinculación entre a oferta a execución das prestacións; e por outra banda, o compromiso de dispoñibilidade do local de referencia, que vén determinado no PCAP por obrigação normativa, en concreto polo artigo 19 da Orde de 22 de xaneiro de 2009 polo que se regula o servizo de axuda no fogar (DOG 2.2.2009), e tamén derivado da previsión legal de prestación en instalacións diferenciadas das da Administración das prestacións de contratos de servizos na especialidade que conlevan prestacións directas á cidadanía (artigo 312,f) LCSP).

Por último, tamén se recollen as condicións especiais de execución en materia de protección de datos que derivan do Real Decreto – Lei 14/2019, do 31 de outubro, polo que se adoptan medidas urxentes por razóns de seguridade pública en materia de administración dixital, contratación do sector público e telecomunicacións, en concreto as previstas especificamente no seu artigo 5 que modifica diversas disposicións da LCSP.



12. Conclusións

En suma, o servizo de axuda no fogar é un servizo municipal esencial, que se concibe tecnicamente como un servizo integral, polivalente e comunitario, orientado a unidades familiares que presentan dificultades para a realización de actividades elementais da vida diaria, proporcionándolles atención, mediante intervencións específicas que favorezan a súa permanencia e integración no seu entorno habitual, e compensen a súa restrición de autonomía funcional.

Polo tanto, a súa finalidade é contribuír a reducir as desigualdades sociais ao centrarse nun apoio público en persoas que, ben pola situación de dependencia, ben pola súa avanzada idade, precisan de auxilio nos coidados básicos no fogar.

A ampliación do servizo, a través da contratación de servizos para a atención a un maior número de persoas usuarias, e tamén a ampliación na atención horaria das persoas que o precisen, permitirá reforzar as políticas sociais municipais e proporcionar un maior benestar a un maior número de veciñas e veciños do concello.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

